

DISPOÑIBILIDADE DA AULA

Neste curso dispoño de 3 horas semanais na aula de informática e outra na aula máis tradicional. A aula mellor dotada esta practicamente copada polas materias de Tecnoloxía e Informática da ESO, polo que teño que facelo combinando esta aula con outra onde os equipos quedaron un pouco obsoletos, de todas as formas xa a usamos o curso pasado para o proxecto etwinning e para clase de Métodos Estadísticos e Numéricos e funcionou ben, xa que os traballos cas unidades de Descartes podíanse realizar nesta, aula menos boa, eo resultado era bastante bo deixando a outra para todo o que se refire a traballar con programas informáticos máis complexos.

Espero comezar a experiencia nos primeiros días de outono, combinando a clase tradicional 1 hora semanal e 3 horas para que realicen as súas follas de traballo e utilicen as unidades de Descartes como libro electrónico de traballo.

CARACTERÍSTICAS DOS ORDENADORES

A aula (que imos denominar nova) conta con mellores prestacións, 20 equipos do ano 2006, encerado dixital, proxector e impresora, está situada no edificio novo do centro dispón de conexión de rede adsl e nestes momentos tamén se lle está instalando rede WIFI.

A outra aula que esta situada no exterior do edificio vello dispón de 12 ordenadores con unha antigüidade maior pois cegaron o centro no ano 2002, non dispón de encerado dixital e como a outra aula ten Internet.

As dúas aulas teñen una disposición tradicional, con 5 filas de 4 ordenadores a primeira e 3 filas con 4 ordenadores a segunda, eu creo que esta disposición non é a ideal xa que e moito máis difícil controlar a atención do alumnado, vixilar os monitores e tampouco permite que se nun determinado momento teño que aclarar ou explicar un determinado tema o alumnado pódese despistar e non atender xa que a lle prestan moita máis atención a imaxe da pantalla que a explicación do profesor.

AGRUPAMENTO DOS/AS ALUMNOS/AS NA AULA

Como o número de ordenadores nas dúas aulas me o permite, traballaran de modo individual, e dicir, un alumno/a por cada ordenador

Non descarto que en algunha sesión podan traballar en grupos a través da rede compartindo información que previamente situaran na aula virtual de que dispón a páxina web de noso centro.

Para iso vou abrir un curso na aula virtual que se chamara Experimentación didáctica na aula onde os/as alumnos/as subiran as follas de traballo e que me permitiran un corrección desde casa.

OUTROS MEDIOS DIDÁCTICOS

A aula nova dispón de encerado dixital para utilizar en explicacións xerais. Es posible utilizar outros programas informáticos relacionados cos dous temas que imos a tratar e que se detallaran no desenrolo da práctica 3.